


XI SEMINARIO OBRADOIRO DE
AVALIACIÓN DE MATERIAIS DIDÁCTICOS

A ROBÓTICA NA ESCOLA E NOS FOGARES



Sábado 21 # Marzo
Centro Sociocultural
Friol # Lugo

obradoiro participativo
para iniciarse no desenvolvemento
práctico dos robots

utilización dos robots
en educación
infantil e primaria

A robótica educativa será a protagonista da undécima edición do “Seminario de Avaliación de Materiais Didácticos”, que terá lugar en Friol o día 21 de marzo de 2020.

Conscientes da necesaria formación en metodoloxías STEAM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería, Arte, Matemáticas), e partindo de que a escola é un espazo de aprendizaxe na que debe realizarse un tratamento reflexivo, crítico e innovador dos avances tecnolóxicos e científicos, esta actividade nace coa finalidade de ofrecer un espazo de encontro para o profesorado e a comunidade educativa (familias, outras/os profesionais...) co fin de favorecer a análise e utilización crítica dos robots na escola, nas aulas e nos fogares.

OBXECTIVOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer tipoloxías de robots e estratexias metodolóxicas para utilizar estes recursos en diferentes etapas educativas.
- Tomar decisións construtivas respecto do uso dos considerados robots educativos no contexto escolar e familiar.
- Valorar os robots educativos para analizar a súa utilidade.
- Intercambiar perspectivas e ideas para o desenvolvemento das competencias STEAM.

METODOLOXÍA DO SEMINARIO

- Conferencia inaugural. Servirá para situar o significado das competencias STEAM e a súa implicación para a aprendizaxe e o coñecemento, centrando o foco de atención no tratamento específico da robótica.
- Obradoiro. Trátase dunha sesión participativa para iniciarse no desenvolvemento práctico da avaliación e uso dos robots como recursos educativos.
- Peche e resumo do Seminario. Colofón ao traballo de análise e reflexión realizada entre todas e todos.

Sábado 21 de marzo

9:00-9:30 Recollida de material

9:30-10:00 Acto de inauguración

10:00-11:00

Conferencia inaugural

Dra. Almudena Alonso Ferreiro

Profesora da Universidade de Vigo. Grupo de Investigación Stellae

Utilidades e aplicacións da Robótica Educativa

11:30-13:45

Obradoiro con alumnado e familias

Aprender xogando con robots en Familia

Dra. Almudena Alonso Ferreiro

13:45 Conclusións e Clausura

16:00 Roteiro Cultural por Friol

Destinatarios do seminario

Nenos e nenas con idades comprendidas entre os 5 e 12 anos, familias e persoas interesadas en iniciarse en cuestións relacionadas coa Robótica Educativa.

Lugar e inscrición

21 de Marzo - Centro Sociocultural de Friol (Lugo)

Gratuito. (Pero é necesario inscribirse previamente)

Prazas: 20 nenos/as e 20 adultos

+ INFO: neg@neg.gal

www.nova-escola-galega.org

www.neg.gal

Formulario de inscripción



<https://bit.ly/36MUhoo>



www.nova-escola-galega.org

www.neg.gal

+ INFO: neg@neg.gal

colaboran



DEPARTAMENTO DE
PEDAGOGÍA E DIDÁCTICA
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN
Campus Vida
15702 Santiago de Compostela



CPI DR. LÓPEZ SUÁREZ

